



13 de outubro de 2008

Curso 2008/09 nº 5

boletin@edu.xunta.es



BOLETÍN INFORMATIVO

Eleccións a consellos escolares

Este curso celébranse as eleccións a consellos escolares nos centros sostidos con fondos públicos. As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar celebraranse entre os días 24 e

28 de novembro. No caso de centros que inician o seu funcionamento no curso 2008-09 celebraranse entre os días 27 e 31 de outubro de 2008.

[Acceso á resolución DOG](#)



Webs de asociacións

- [Altas capacidades](#)
- [Atención temperá](#)
- [Discapacidade física](#)
- [Discapacidade intelectual](#)
- [Down Galicia](#)
- [Implante coclear](#)
- [María José Jove](#)
- [ONCE](#)
- [Paideia](#)
- [Persoas xordas](#)
- [Saúde mental](#)
- [Trastornos da personalidade](#)

Plans de autoavaliación e mellora da calidade

No [DOG nº 191](#) do xoves 2 de outubro aparece a Orde do 24 de setembro pola que se publica a relación de centros seleccionados para a realización de plans de autoavalia-

ción e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso escolar 2008-2009, convocados pola Orde do 9 de abril de 2008. Os seleccionados recibirán forma-

ción específica para os días 17 e 18 de outubro próximos.

Decretos de currículos de ciclos formativos

Foron publicados os decretos de currículos dos seguintes ciclos formativos:

DOG nº 193: [Técnico en emerxencias sanitarias](#)

DOG nº 194: [Técnico en cociña e gastronomía](#)

DOG nº 195: [Técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade](#)

DOG nº 196: [Técnico en mecanizado](#)


DOG nº 197: [Técnico en panadería, repostería e confitería](#)

Proxecto academia

Academia é un proxecto europeo anual de mobilidade, dirixido aos profesionais da orientación profesional, principalmente orientadores e profesorado de FOL. Na presente edición, a Comunidade Autónoma de Galicia ten asig-

nadas 3 prazas para coñecer os sistemas de orientación profesional de Eslovenia, Francia e Luxemburgo.

[Máis información](#)





Proxecto Malted. Curso básico para profesorado de inglés

Proxecto Malted. Curso básico, actividade a distancia dirixida ao profesorado de inglés de primaria e secundaria. Formación organizada conxuntamente co Instituto Superior de Formación e Re-

curso en Rede para o Profesorado do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

[Acceso ao web do proxecto](#)

A inscrición realizarase a partir de hoxe e ata o 20 de outo-

bro a través de www.edu.xunta.es/fprof, buscando a actividade por Linguas Estranxeiras e CFR Servizos Centrais.

[Máis información](#)



Iníciase o prazo de inscrición na IV Olimpíada de Bioloxía, fase galega, que estará aberto entre o 15 de outubro e o 15 de novembro de 2008.

[Máis información](#)

Olimpíadas de Bioloxía



Premios Estratexia NAOS, edición 2008

No [BOE nº 190](#) do xoves 7 de agosto sae publicada a Orde SCO/2361/2008, do 14 de xullo, pola que se establecen

as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión dos premios Estratexia NAOS, edición 2008. O prazo de

presentación de candidaturas remata o 1 de novembro de 2008.



Axudas para estadias e intercambios

Publicada no [DOG nº 197](#) a Orde pola que se conceden axudas ao alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos e para o

alumnado e profesorado de centros concertados da Comunidade Autónoma de Galicia que participen en estadias e intercambios con centros

educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.



Aberto prazo para solicitar interinidades e substitucións en diversas especialidades

No [DOG nº 197](#) publicouse o Anuncio da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profes-

res de escolas oficiais de idiomas nas especialidades de chinés e xaponés; no corpo de profesores técnicos de formación profesional, para a impartición do ciclo superior en audioprótese (módulo profesional de elaboración e repara-

ción de audioprótese e módulo de elección e axuste de próteses auditivas); do corpo de profesores de música e artes escénicas, na especialidade de instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco.

Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

Webs temáticos

Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



Mupegas
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



Linguas estranxeiras
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



Rede TIC de Centros
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic



Bibliotecas escolares
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)

[Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por qué?. Prevención accidentes infantís](#)